

DENUNCIA ANTE O PARLAMENTO EUROPEO

O IMPACTO DAS MINICENTRAIS


O Parlamento Europeo ven de tomar en consideración a petición presentada por Manuel Soto, Pilar Barros e Esther Rodríguez en nome de ADEGA, pola que se denuncia o incumprimento da legislación ambiental e o grave dano ecolóxico que as minicentrais hidroeléctricas están a causar nos ríos galegos.

A Petición ao Parlamento Europeo centra-se nos seguintes dous puntos:

1. Solicita-se do mesmo que se supervise a planificación hidrolóxica na Galiza, no referente a instalación de minicentrais, co obxectivo de dar cumprimento ao disposto no Artigo 130 R do Tratado da Comunidade Europea, especificamente aos obxectivos explícitos de a) Conservación e protección do medio ambiente e mellora da sua calidade; b) Utilización cuidadosa e racinal dos recursos naturais.

2. Que se adopten medidas de alcance internacional para acabar

co problema ambiental que causan actualmente as minicentrais na Galiza, concretamente: a) revocación dos actuais procedimentos abreviados de tramitación de minicentrais, que as escamotean aos procedimentos de control ambiental ordinarios; b) requerimento aos proxectos de minicentrais de estudos de impacto ambiental e declaración de impacto ambiental; c) elaboración previa á instalación de novos proxectos, dun plan enerxético rexional, que se someta ao procedimento de estudio e declaración de impacto ambiental.



A documentación aportada inclue dossier explicativo, con exemplos concretos; documentación relativa ao número de proxectos actualmente en curso; alegacións e recursos presentados a diferentes proxectos por cidadáns, organizacións non gubernamentais e institucións públicas; e, por último, documentación gráfica sobre diversos casos concretos, así como un dossier de prensa. Mais dunha ducia de instalacións en funcionamento ou en proxecto son documentados un a un.

Denuncias de novos casos particulares poden-se sumar a esta petición realizada por ADEGA, ou mesmo outros grupos poden presentar novas peticionis ao respecto, o que significaría unha importante colaboración para a defensa dos nosos ríos e o control das minihídricas.

Para máis información:
ADEGA, Rua de Touro 21-2º,
15704-Santiago.

Localización dos proxectos de minicentrais en tramitación durante os anos 1988-89 (Fonte: Xunta de Galicia, adaptación propia). Contabilizan-se un total de 76 aproveitamentos distribuídos entre as concas de Galiza Costa (37) e as concas da Confederación del Norte (39). Estos proxectos viñeron a sumarse a máis de medio centenar entón en funcionamiento. Nos últimos anos tivo lugar un forte incremento do número de proxectos, que só para as concas da Confederación del Norte acadaron en 1993 a cifra de 131 (periodo 85-93), coa seguinte distribución: proxectos concedidos (43), en tramitación (40), en suspensión provisional (21) e denegados (27). As concesións totais na actualidade, excluidos os grandes aproveitamentos, rondan o millar nos ríos galegos.

O elevado número de novos proxectos e a súa localización, predominantemente nas cabeceiras dos ríos, e mesmo en espazos de declarado interese natural (Ancares, Caurel, Xurés...), xuntamente coa ausencia de medidas correctoras e a escasa conciencia ambiental da administración e dos promotores, fan que as minicentrais sexan hoxe un perigo que está a levar ao deterioro integral dos nosos ríos, sumando os seus efectos aos graves danos causados os encoros e saltos hidroeléctricos.